



DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL, EN DATA DE 19 DE FEBREIRO DE 2010, RELATIVA Á CONCENTRACIÓN PARCELARIA DA ZONA DE PONTE VALGA, NAS PARROQUIAS DE SAN MIGUEL DE VALGA, SAN SALVADOR DE SETE COROS E SANTA MARÍA DE XANZA, NO CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA), PROMOVIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL (CLAVE 2006/0317).

A antiga Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, promoveu, por solicitude dos veciños das parroquias de San Miguel de Valga, San Salvador de Sete Coros e Santa María de Xanza, no Concello de Valga (Pontevedra), a concentración parcelaria sobre varias zonas das devanditas parroquias, cunha superficie total de 1.508 ha.

A meirande parte da concentración desenvolverase sobre as parroquias de San Miguel de Valga e Santa María de Xanza, sendo mínima a ocupación sobre San Salvador de Sete Coros.

Os límites da concentración son os seguintes:

- Norte: Concello de Pontecesures.
- Sur: Parroquia de San Salvador de Sete Coros (Monte do Castro).
- Leste: Polo monte Xesteiras (SE) e o Outeiro dos Lobos (NE).
- Oeste: O val do río Ulla e os seus afluentes, os ríos Louro e Valga.

A citada concentración parcelaria atopase incluída entre os proxectos contemplados no Anexo II do Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de Proxectos, sendo cualificada como sometida ó procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental, en base ós seguintes puntos:

1. A calidade das augas dos principais cursos fluviais da zona, como o río Valga (que desemboca no Ulla a uns 3 km augas abaixo da zona de concentración), o Rego Vilariño (afluente do primeiro), e outros regos de menor entidade poderían verse afectados por procesos erosivos ou arrastres de partículas.
2. O desenvolvemento do proceso de concentración parcelaria, principalmente as actuacións que implican movementos de terras, cortas de especies arbóreas e eliminación de lindes, producirán fenómenos erosivos, unha simplificación da paisaxe e a transformación da estrutura dos hábitats da zona, o que afectará á conservación das comunidades animais da zona (entre as que hai especies protexidas como a Lutra lutra) e formación vexetais con importantes formacións de vexetación autóctona (Quercus robur e Castanea sativa) e de ribeira (Alnus glutinosa e outras especies).
3. Do proceso de concentración parcelaria desprendese a posible afección sobre elementos do patrimonio cultural identificados na zona de estudo. Entre os que se atopan elementos arqueolóxicos (restos dunha torre medieval e dun castro, unha necrópole sueva, petróglifos e túmulos), etnográficos (cruceiros e muíños) e arquitectónicos (pazos e igrexas).

No **Anexo I** da presente declaración inclúese un resumo da actuación e un croquis da zona de actuación.

En cumprimento do establecido regulamentariamente, con data de 27 de xuño de 2007, publícase no DOG (nº 123) a resolución do 29 de maio de 2007, da Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental

DECLARACIÓN DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DA ZONA DE PONTE VALGA.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA).

Asdo.: **Alberto Rodríguez Garrido**



da concentración parcelaria para a zona de Ponte-Valga (Pontevedra), sen que durante o periodo de exposición ó público se teñan presentado alegacións.

Con data de 24 de xullo de 2009 tense recibido o expediente ambiental completo, remitido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, no que se inclúe copia dos informes das Direccións Xerais de Patrimonio e Conservación da Natureza, Augas de Galicia e o Concello de Valga.

Cumprimentada a tramitación ambiental, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, como órgano ambiental formula, ós sos efectos ambientais a Declaración de impacto ambiental para a referida zona de concentración parcelaria.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL

Examinada a documentación que constitúe o expediente, esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental considera que o proceso de concentración parcelaria é ambientalmente viable sempre que se cumpran as condicións que se establecen na D.I.A., ademais das incluídas no estudo de impacto ambiental, tendo en conta que no caso de que existan contradicións entre o indicado na antedita documentación e o establecido na presente declaración, prevalecerá o disposto nesta última.

Ademais do obrigado cumprimento das anteriores condicións, de manifestarse calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano ambiental, por iniciativa propia ou a proposta do órgano substantivo, poderá ditar, ós sos efectos ambientais, condicionados adicionais ós anteriores.

As condicións establecidas poderán ser revisadas de oficio ou por solicitude do promotor, co obxecto de incorporar medidas que acheguen unha maior protección ó medio. Ademais disto o promotor poderá solicitar a súa revisión naqueles supostos que presenten graves dificultades para a súa implantación ou precisen modificacións importantes para a súa actividade, sempre e cando as novas medidas permitan acadar os obxectivos e fins desta. Neste último caso, o promotor propondrá ó órgano ambiental novas medidas ou condicións, entregándolle para iso toda a información necesaria que xustifique a dificultade de cumprir coas condicións impostas nesta declaración e que realización das novas medidas propostas cumpre cos obxectivos e fins da declaración. As obras non poderán comezar ata que se reciba unha comunicación desta Secretaría Xeral.

Así mesmo, tal e como se recolle nesta Declaración, elaboraranse os seguintes estudos que darán control do cumprimento da mesma e completarán a tramitación ambiental da concentración parcelaria.

- o Programa de vixilancia ambiental que se desenvolverá nas fases de formulación, execución e explotación.
- o Proxecto de integración paisaxística.
- o Proxecto arqueolóxico das obras a realizar.

Para todo o contido nesta Declaración entenderase por:

- o Fase de formulación, a realización dos seguintes documentos:
 - Con respecto á distribución das parcelas: o proxecto de concentración parcelaria.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia
é unha copia fiel do orixinal.

Santiago, 25 FEB, 2010

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido

DECLARACIÓN DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DA ZONA DE PONTE VALGA.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA).



- Con respecto á execución das obras: o Proxecto da Rede de Camiños e Obras Inherentes á Concentración, Proxecto de Acondicionamento de Fincas e outros Proxectos de Obras Complementarias, (se os houbese).
- Fase de execución.
 - Replanteo de novas fincas e colocación de marcos.
 - Construción de camiños e obras inherentes á concentración.
 - Construción de obras complementarias.
- Fase de explotación.
 - Execución do acordo. toma de posesión das novas fincas.
 - Uso da rede viaria e obras inherentes á concentración parcelaria.
 - Uso das obras complementarias.

1.-AMBITO DA DECLARACIÓN.

A presente Declaración de Impacto ambiental refírese ás obras definidas no documento Estudio de Impacto Ambiental da Zona de Concentración Parcelaria de Ponte-Valga (Valga-Pontevedra), sobre 1.508 hectáreas, tal e como se reflicte no plano nº 2 *emplazamiento*.

2.-PROTECCIÓN DA ATMOSFERA.

2.1.-Co fin de minimizar a emisión de po á atmosfera durante as fases de obra, ademais das medidas indicadas no estudio ambiental, os camiños de transporte de terras ou outros materiais que poidan xerar po deberán ir cubertos con lonas ou similar. Asemade, no caso de ser necesario, procederase ó lavado das rodas dos camiños á saída da zona de obras.

2.2.-Cumprirase co disposto na Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica así como, no caso de que se dispoña dela na ordenanza municipal do concello de Valga.

3.-PROTECCIÓN DO SOLO

3.1 Fase de formulación.

3.1.1.-No caso de que no estudio de compensación de terras se detectará a existencia de sobrantes, definiranse as posibles zonas para o seu depósito. A selección destas zonas realizarase con criterios ambientais e tendo en conta que:

- No caso de que existan no contorno ocos procedentes de actividades extractivas abandonadas ou de movementos de terras, primará o seu uso fonte a outras zonas, sempre que sexa técnica e ambientalmente viable e non se atopen naturalizados e integrados no entorno.
- En ningún caso se depositarán os sobrantes nas zonas de conservación de paisaxes naturais identificadas no estudio ambiental, nin nas sinaladas nos planos de protección de Conservación da Natureza e Patrimonio Cultural.
- Calquera depósito de terras deberá contar cos correspondentes permisos, autorizados polo órgano que corresponda.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
DILIXENCIA: Para facer constar que este documento fotocopia é reprodución fiel e exacta de seu orixinal

Santiago, 25 FEB 2010



3.1.2.-No caso de que se precise material de canteira para o desenvolvemento das obras, este deberá proceder de explotacións autorizadas. Asemade, estudarase a posibilidade de que parte dos materiais a utilizar na construción de novos camiños (para as bases ou subases ou para pavimentación), proceda de plantas de reciclaxe de residuos de demolición e construción.

3.1.3.-De ser preciso o emprego de formigón, evitarase a súa elaboración na propia obra, adquiríndoo xa preparado en plantas que contén coa debida autorización.

3.2.-Fase de obra e explotación.

3.2.1.-Levarase a cabo un control topográfico dos límites da zona de concentración parcelaria, dos predios de substitución e da traza dos camiños de concentración, evitando afeccións fora deses límites.

3.2.2.-Cando se leven a cabo movementos de terras en zonas de elevada pendente, disporanse mallas antiescorregamento ou calquera outra medida adecuada para evitar arrastres de materiais ladeira abaixo.

3.2.3.-No caso de realizar voaduras disporanse os medios necesarios (lonas, redes, etc) para evitar a proxección de fragmentos de rocha ó contorno. En calquera caso, se estas se producisen, deberán ser retirados da zona e depositados en emprazamentos autorizados.

3.2.4.-Con carácter xeral non se realizarán préstamos na zona, salvo necesidade xustificada. Neste caso seleccionaranse zonas que vaian a ser afectadas polas obras ou no seu defecto, lugares carentes de valores relevantes. En todo caso, os préstamos deberán ter a súa procedencia debidamente acreditada e os ocós resultantes deberán ser restaurados ó final da obra.

3.2.5.-En canto a xestión da terra vexetal, estarase ó indicado nos seguintes puntos:

- Retirarase e acumularase a capa superior de terra vexetal para a súa utilización no proceso de restauración. Estes acopios realizaranse ó longo da traza dos camiños, en montóns de altura non superior a 1.5 metros para facilitar a súa aireación.
- Se o período de almacenamento dos acopios de terra vai a ser superior a 6 meses, procederase a súa sementeira e rega periódica co fin de que o terreo conserve o maior tempo posible, as súas propiedades.
- No caso de necesitar préstamos ou achegas de terra vexetal, esta procederá de acopios ou zonas onde a súa extracción se atope autorizada e permitida.
- As achegas externas de terras procederán de zonas próximas á obra ou que presenten composicións florísticas similares, de modo que non se introduzan na zona de concentración, sementes de malas herbas, pragas e/ou enfermidades.
- Previamente a revexetación efectuarase un acondicionamento do terreo, procedendo a súa descompactación e laboreo superficial, retirando o exceso de pedras e estendendo a terra vexetal, previamente amoreada.
- Primarase o emprego de aperos lixeiros, evitando, na medida do posible, a utilización de maquinaria pesada que poidan degradar a estrutura do solo. En concreto, evitarase o uso de outros tipos de aperos, outros apeiros para labores en profundidade.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia é reprodución fiel e exacta de seu orixinal

Santiago, 25 FEB. 2010

DECLARACIÓN DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DA ZONA DE PONTE VALGA.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA).

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido
PÁXINA 4 de 14



6.2.2.- No referente ós labores de corta de arborado, previamente á súa execución verificarase a ausencia de avifauna nidificante de interese nos pés implicados. En caso afirmativo, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor.

En especial, atenderase á presenza de aves rapaces, moitas de cuxas especies ostentan figuras legais de protección ou figuran en diversos catálogos e publicacións (**Catálogo Provisional de Aves Nidificantes Amenazadas en Galicia**, **Libro Rojo** de las Aves de España) que poñen de manifesto a importancia da súa conservación.

6.2.3.- Dado que unha importante fracción da superficie obxecto de concentración ten a condición de terreo de uso forestal, teranse en conta así mesmo as seguintes medidas:

- O deseño das repoboacións procurará evitar a continuidade de masas monoespecíficas de eucalipto ou piñeiro para impedir unha doada propagación de incendios forestais. En concreto, non se realizarán plantacións de eucalipto nas bandas de protección dos cursos fluviais, nin tampouco en zonas con pendente superior ó 40%. Tamén se desaconsellan as plantacións de piñeiros nestas bandas.
- Respectaranse as distancias mínimas establecidas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, e se tomarán as medidas necesarias para manter as faixas de especial protección. Aproveitarase o proceso de concentración para deseñar e executar, na medida do posible, as ditas faixas, especialmente no referente ó núcleo rural principal e na banda de 50 metros arredor das primeiras fincas destinadas a uso agrario. Non se poderán realizar repoboacións forestais en solo urbano e núcleos rurais, nin en zonas dedicadas a labradío, cultivo, prados ou pasteiros, con independencia da súa cualificación urbanística. Só se poderán realizar repoboacións con frondosas autóctonas en zonas agrícolas cando estean contempladas nun plan de ordenación de cultivos e forestal, sempre e cando non interfiran no desenvolvemento agrario da zona.
- Levaranse a cabo boas prácticas forestais que incluírán:
 - Promoveranse as masas mixtas de frondosas autóctonas ou como mínimo, a presenza de frondosas autóctonas como acompañantes da especie principal. Fomentarase a conservación de rodais maduros e, sempre que non supoña risco de pragas, ou mantemento de árbores mortas.
 - As especies arbóreas empregadas deberán ser as máis adecuadas á estación forestal e, o material produtivo terá identificada a súa procedencia. Levarase a cabo unha vixilancia do adecuado desenvolvemento das plantacións efectuadas.
 - As superficies forestais incluídas no ámbito da concentración contarán cun instrumento de xestión que cumpra coa lexislación vixente.
 - Durante as talas evítaranse danos nas frondosas autóctonas que non sexan obxecto de aproveitamento. Ó finalizar procederase á limpeza dos residuos forestais e a súa valorización no propio medio.
 - Fomentarase a función recreativa e social das zonas forestais máis próximas ós núcleos rurais.
 - Procuraranse evitar as queimas controladas.
 - Minimizaranse os impactos paisaxísticos racionalizando as superficies de corte deixando pequenos rodais maduros que interrompan a uniformidade da tala.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
DILIXENCIA. - Para facer constar que a presente fotocopia é reprodución fiel e exacta de seu orixinal

Santiago, 7 de FEB. 2010

DECLARACIÓN DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DA ZONA DE PONTE VALGA.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA).

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido
PÁXINA 7 DE 14



7.-PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL.

7.1.-En relación coa protección do patrimonio cultural estarase ó seguinte:

- Non se poderán executar pistas de novo trazado, nas áreas de protección integral e de respecto dos elementos dos elementos do patrimonio cultural. A realización de calquera tipo de obra nas áreas de protección do elementos, precisará o informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- No deseño dos Proxectos de Obras, Concentración e Acondicionamento de Fincas, cómpre ter en conta, adoptando as medidas oportunas para a súa conservación, preservación e recuperación, os antigos camiños e corredoiras, valos de pedra, muros de peche tradicionais, etc, que configuren funcional e estruturalmente a paisaxe galega e caracterizan culturalmente o territorio. Os que por forza haxa que retirar, sempre que sexa viable, deberán ser obxecto de recuperación, desmontándoos e aproveitándoos para definir as novas fincas.

8.-INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA.

8.1.-Fase de Formulación

8.1.1.-Redactarase un proxecto de integración paisaxística axustado ó proceso de concentración parcelaria no que se desenvolvan e presuposten detalladamente os labores de restauración e integración paisaxística necesarios para maximizar a integración ambiental das actuacións. Na elaboración deste proxecto atenderase a criterios de coherencia ecolóxica e paisaxística e terase en conta o seguinte:

- En canto as especies a empregar:
 - Serán autóctonas, tendo sempre presentes para a súa implantación as circunstancias edafolóxicas e climáticas da zona a restaurar e que procedan (sexan árbores ou arbustos, matas e ou herbáceas) da mesma zona ou similar, segundo criterios bioxeográficos, litolóxicos, de vexetación potencial e climáticos.
 - Deben ser compatibles co hábitat no que se van a implantar. O hábitat, localización ou estación vai a estar definido pola interdependencia ou interrelación do clima, factores fisiográficos (topografía, pendentes, altitudes, exposición), solo ou substrato (perfil, textura, fauna e flora, ciclos de nutrinte, etc.), e factores bióticos.
 - Deben ser compatibles entre si, no espazo e no tempo, aplicándose no seu caso os tratamentos oportunos, e dicir a competencia intra e interespecifica entre as especies que se implanten deben permitir e posibilitar o éxito da restauración, adoptándose, ademais, para acadar este obxectivo, os tratamentos que sexan precisos (clareos, rozas, etc.).
- No caso de que fora precisa a eliminación dalgún pé de especies arbóreas autóctonas procurarase que sexan replantadas na media do posible; empregándoas na restauración. De todos modos recomendase a súa preservación, actuando unicamente sobre exemplares mortos ou moi enfermos.
- Maximizarase a diversidade da zona de restauración, tendo sempre presentes que a presente fotocopia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
é reprodución fiel e exacta do seu orixinal

Santiago, 25 FEB. 2010

DECLARACIÓN DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DA ZONA DE PONTE VALGA.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA).

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido
PÁXINA 8 de 14



8.1.2.-No deseño do novo parcelario favorecerase a integración paisaxística dos predios resultantes mediante a conservación do maior número posible de elementos lineais de interese ambiental como lindes arboradas, valados de pedra, sebes, etc., para isto procurárase axustar a maior lonxitude posible de lindeiros dos predios de substitución ós citados elementos.

8.1.3.-O deseño final da rede de camiños de concentración deberá axustarse ós criterios do estudo ambiental, ó condicionado establecido ó longo desta Declaración e ás seguintes medidas que matizan ou amplían as anteriores:

- Como norma xeral, os camiños que se proxecten non superarán un ancho total, incluíndo cuneta e beiravía, de 6 metros para os de acceso agrícola e de 8 metros naqueles que comuniquen parroquias ou núcleos entre si. En zonas de monte, a anchura das pistas será a necesaria para o mantemento dun uso forestal, sendo preferible que esta anchura sexa a mínima que permita a manobra, e creando á súa vez, cada certa distancia, zonas máis anchas a modo de apartadoiros que permitan o xiro dos vehículos e a acumulación da madeira de corta ata o seu transporte.
- Cando se trate de acondicionar camiños existentes, no caso de que discorran xunto a comunidades vexetais de interese, estas se incluírán no camiño pasando a ser dominio público co obxecto de asegurar a súa persistencia.

8.1.4.-Se na zona de concentración existisen afloramentos rochosos con interese xeomorfolóxico ou paisaxístico deberán ser respectados, sen que se vexan afectados polas obras.

8.2.-Fase de obra e explotación.

8.2.1.-Vixiarase a evolución da revexetación efectuada, procedendo a reposición das calvas e/ou marras que puideran aparecer nas sementeiras, hidrosementeiras e/ou plantacións efectuadas.

9.-CONDICIÓN XERAIS.

9.1.-Fase de formulación.

9.1.1.- Desenvolveranse as medidas necesarias para evitar posibles impactos asociados á fase de formulación, como poden ser a aparición de edificacións ou peches, o abandono, modificación ou intensificación abusiva de cultivos, roturacións ou cortas indiscriminadas de vexetación ante a incerteza dos propietarios pola titularidade futura das parcelas.

Neste sentido, lembraráselle ós propietarios a obriga legal de obter autorización ou permiso para a corta de especies arbóreas, así como da existencia doutras limitacións ou obrigas establecidas na normativa vixente ó respecto (Leis 9/2002 modificada pola 15/2004, 43/2003 modificada pola 10/2006, 5/2006, 3/2007, 7/2007, Decreto 105/2006...), e procurárase telos informados en todo momento da marcha do proceso de concentración, establecendo canles fluídas de comunicación e colaboración entre todos os axentes implicados no proceso.

9.1.2.- Promoverase o desenvolvemento sostible da zona concentrada mediante a adopción de criterios de sostenibilidade ambiental no uso das parcelas asignadas a cada propietario.

9.2.-Fase de obras e explotación.

9.2.1.- Se durante o proceso de concentración parcelaria se afecciona calquera outra infraestrutura, instalación ou servizo preexistente non contemplado nos proxectos (incluíndo as posibles modificacións dos proxectos), deberán restituírse ó estado previo ó inicio das obras, sen prexuízo das reclamacións que legalmente os axentes implicados polo deterioro poidan levar a cabo.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
DILIXENCIA para facer constar que o presente fotocopia
é unha copia fiel e verdadeira do seu original
Santiago, 25 FEB. 2010



9.2.2.-Procurarase que a delimitación das novas parcelas se realice mediante plantacións de sebes arboradas e/ou arbustivas integradas por especies autóctonas integradas na zona. De no ser factible, atenderase ó sinalado pola Condición 8.1.2 desta DIA respecto dos muros ou valados de pedra.

10.-PLAN DE SEGUIMIENTO E VIXILANCIA AMBIENTAL.

10.1.-Fase de formulación.

10.1.1.-En relación á protección do patrimonio cultural remitirase a seguintes informes, á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, non podendo comezar as obras ata que esta se pronuncie favorablemente sobre a documentación avaliada.

- Cando se defina o Proxecto de Obras, Concentración e Acondicionamento de Fincas, e previo o inicio das obras en cada un destes proxectos, deberá remitirse á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, para o seu informe, unha avaliación do impacto de ditos proxectos sobre os elementos do patrimonio cultural localizados na zona de concentración parcelaria. Esta documentación deberá contar cunha ficha individualizada de cada elemento no que se fará constar o seguinte:
 - Delimitación dos ámbitos de protección e o seu reflexo na fotografía aérea e na cartografía catastral.
 - Especificacións técnicas e características construtivas da obra ou proxecto que ocasiona o impacto.
 - Proposta de medidas protectoras e correctoras.
- No que respecto o tramo do camiño portugués que atravesa a zona de concentración, previo o inicio da obra deberá aportarse nova documentación que inclúa a planimetría adecuada, sobre a rede de camiños, ámbitos de núcleos incluídos e excluídos, masas forestais e parcelarios que abrangan dende a autovía que discorre paralela ó Camiño ata o límite Oeste, sinalado para a zona de concentración parcelaria, que permita determinar condicións singulares ou ámbitos concretos a excluír en atención á protección do territorio histórico.

10.1.2.-Redactarase un novo programa de vixilancia e seguimento ambiental que considerará todos os supostos de impactos avanzados no estudo de impacto ambiental, todos aqueles que xurdan ó longo da fase de formulación e todos os derivados do cumprimento do condicionado desta DIA.

O dito programa levarase a cabo ó obxecto de garantir ó longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras e correctoras contempladas na documentación avaliada e no condicionado da Declaración, e levar a cabo novas medidas correctoras acordadas coas novas problemáticas xurdidas.

O conxunto de actuacións executables que se integren na documentación, incluíndo aquelas referentes ás actuacións ambientais e sobre o patrimonio, deberán quedar reflectidas en planos de escala adecuada e estar dotadas das correspondentes, que terán o seu reflexo no capítulo de orzamento do Proxecto de Concentración Parcelaria.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
DILIXENCIA - Para facer constar que a presente fotocopia é reprodución fiel e exacta de seu orxinal

Santiago, 25 FEB. 2010

DECLARACIÓN DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DA ZONA DE PONTE VALGA.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA).

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido
PÁXINA 10 de 14



Será responsabilidade do órgano substantivo que o programa que finalmente se desenvolva neste sentido, permita acadar os fins sinalados no paragrafo anterior, Asemade teranse en conta as seguintes consideracións:

- Ó obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento desta declaración deberá designarse un responsable do cumprimento da mesma.
- Todas as medicións e ou analíticas do programa de vixilancia deberán ser realizadas por organismos de control autorizados ou entidades homologadas, e os resultados deberán vir asinados por un técnico de dita entidade.
- Fixaranse para todas as fases, os indicadores ambientais, a periodicidade dos controis e os umbrais, (admisible, de alerta e inadmisible) que se vaian a empregar en cada caso.
- As tomas de mostras e as medicións deberán ser representativas, polo que se realizarán durante os labores con maior incidencia sobre os indicadores obxecto de control.
- Se durante a realización do programa de vixilancia e seguimento ambiental se detectasen impactos imprevistos ou alteracións que superen os umbrais establecidos na lexislación aplicable, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural propoñerá as medidas correctoras precisas. De poñerse de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, o comunicará a esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.
- No Programa de Vixilancia Ambiental a redactar, se incluírá un Plan de Control de Calidade das Augas e funcionamento das estruturas de drenaxe, que contemplará as seguintes medidas:
 - Plan de control da calidade das augas dos cursos fluviais afectados polas obras, aplicable tanto á fase de execución das mesmas, como á posterior a estas ata o momento en que se constate ausencia de afeccións. Seleccionaranse puntos de tomas de mostras augas arriba e augas abaixo de cada unha das zonas afectadas. Consideraranse, como mínimo, os seguintes parámetros: **pH, temperatura, sólidos, osíxeno disolto, condutividade e presenza de aceites e hidrocarburos.**
 - Plan de vixilancia do funcionamento das estruturas de drenaxe e do mantemento do réxime hidrolóxico preexistente, tanto para a fase de obras como para a de explotación, tendo en conta a Condición 4.2.1.

10.1.3.- Previamente ó inicio das obras, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural remitirá a esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, para a súa avaliación, o **Proxecto de Concentración Parcelaria** que incluírá, sen prexuízo do sinalado no artigo 30 da Lei 12/2001, do 10 de setembro, de modificación da Lei de concentración parcelaria para Galicia, a seguinte documentación: **Plan do Novo Parcelario, Plan Forestal e/ou do Aproveitamento de Cultivos, Proxecto de Rede de Camiños de Concentración** (incluíndo análise de alternativas), e un anexo específico no que se documente a adecuada inclusión no Proxecto de Concentración Parcelaria tanto das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias propostas no estudo de impacto ambiental como todas as cuestións derivadas do cumprimento do condicionado desta DIA, incluíndo **Proxecto de Restauración e Integración Paisaxística e Programa de Vixilancia Ambiental**.

10.2.- Fase de obras, informe final de obras e fase de explotación

Durante a fase de obras e explotación se remitira, coa frecuencia establecida no estudo de Impacto Ambiental avaliado, a documentación nel indicada.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia é reprodución fiel e exacta de seu orixinal

Santiago, 25 FEB 2010

DECLARACIÓN DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DA ZONA DE PONTE VALGA.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA).

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido
PAXINA 11 de 14



A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural responsabilizarase de que se leve a cabo o programa de vixilancia e seguimento ambiental ó que se fai referencia ó longo desta DIA e, como órgano substantivo, estará ó disposto no artigo 18 do Real Decreto Lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos.

Á vista dos resultados que se obteñan durante os dous primeiros anos de seguimento poderase revisar, se é o caso, o contido ou a frecuencia dos controis e informes a realizar en anos posteriores, ou estudar a posibilidade de dar por finalizado o seguimento.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2010

O Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

Justo de Benito Basanta

XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
 SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
 DILIXENCIA. - Para facer constar que a presente fotocopia é reprodución fiel e exacta de seu orixinal

Santiago, 25 FEB, 2010

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido



ANEXO I

DESCRIBIÓN DO PROCESO DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA

DEFINICIÓN DO ÁMBITO DE ESTUDO

A zona de Concentración Parcelaria de Ponte Valga en Valga, (Pontevedra), en adiante Z.C.P., obxecto do presente Estudo de Impacto Ambiental, localízase nas parroquias de San Miguel de Valga, San Salvador de Setecoros e Santa María de Xanza pertencentes ó termo municipal de Valga e situado o noroeste da provincia de Pontevedra, cunha superficie de 15.082 m², referida á área de estudo no Plano nº 1: Situación e no Plano 2: Emprazamento. A parroquia mais afectada pola concentración e a de San Miguel de Valga (Plano 3: Parroquial)

Os seus límites xeográficos son:

- Norte: Concello de Pontecesures.
- Sur: Parroquias de Setecoros (Monte do Castro).
- Leste: Polo monte Xesteiras (SE) e o Outeiro dos Lobos (NE).
- Oeste: O val do río Ulla e os seus afluentes, os ríos Louro e Valga.

O concello de Valga enmarcase dentro da comarca de Caldas, limita o norte con Pontecesures, Padrón e Dodro, o sur con Caldas de Reis, o leste con Cuntis e o oeste con Catoira.

A zona de estudio ten un clima de tipo Mediterráneo Marítimo, polo que respecta ó réxime de humidade caracterízase como Mediterráneo húmido; este tipo de clima fai que na zona sexa posible que prosperen tanto cultivos cerealísticos extensivos como cultivos hortícolas intensivos, pasando por forestais, frutais e vide.

Na zona predominan os solos sobre granitoides seguidos en importancia solos sobre Ortoneis e chairas aluviais, as altitudes son moi variables, dende áreas situadas próximas ós regos, con altitudes próximas ós 20 MSM. ata os 400 metros do Outeiro do Lobos.

A zona de estudio está condicionada pola presenza do río Valga e do río Louro, ambos afluentes do Ulla, e por diversos regatos que verten as súas augas ó mesmo.

E destacable a riqueza toponímica, recopiada entre nomes de entidades de poboación, explotación agrícolas e forestais, etc. Entre os topónimos que se localizan na Z.C.P. atopándose os seguintes:

Montes: Monte dos Penucos, Monte Gordullán, Monte da Lagoa,...

Núcleos de poboación: Cabaleiro, Medela, Chenlo, Casal do Eirigo,

Cursos fluviais: Río Valga, Rego das Castiñeiras, Rego Vilares.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia
é reprodución fiel e exacta de seu orxinal

Santiago, 25 FEB, 2010

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental


San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



XACOBEO 2010
Galicia

ANEXO II

CROQUIS DA ZONA DE ACTUACIÓN.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia
é reprodución fiel e exacta de seu orixinal

Santiago, 25 FEB. 2010

Asda.: Alberto Rodríguez Garrido

DECLARACIÓN DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DA ZONA DE PONTE VALGA.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA).